

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS  
ACTA Nº2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

**Xerenta:**

Yolanda T. Lesmes Romero

**Vicexerenta de Recursos Humanos:**

Noemi Sirera Diéguez

**Director de Área:**

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Carlos Mollinedo Lois (CIG), presidente  
Rodrigo Alberte Pivida (CIG), secretario  
Mª José Ríos Santomé (CIG)  
José Manuel García Eirín (CIG)  
Rafael Ameneiro Bravo (CIG)  
Paula María González Pérez (CIG)  
José Luis Pita Carballo (CIG)  
Remedios Lameiro Diéguez (CIG)  
Federico Fernández Fernández (CIG)\_Deleg Sind  
Victoria Alonso Crespo (CCOO)  
Berta Covelo Rodríguez (CCOO)  
Mª Nuria Andión Rodríguez (CCOO)  
Patricia Sío Bacelo (CCOO)  
Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)  
María Luísa Magaz Ledo (CCOO)  
Raquel Aldrey Río (CCOO)\_Delegada Sindical  
Javier Novas Míguez (FOL)  
Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)  
Alejandro Martínez Gómez (FOL)  
Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)  
Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)  
María Moreira Sendón (UGT)  
José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 11 de xuño de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informe de Xerencia.
3. Convocatoria para a execución das OEP 2023 e 2024.
4. Modificación puntual da RPT. Resposta as alegacións.
5. Rolda de intervencións.

## 1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Presentadas dúas alegacións, recóllense e aprobarase a acta na vindeira reunión.

## 2. Informe de Xerencia

A xerenta expón as contratacións levadas a cabo no mes de maio. Fai mención ao problema xurdido na lista de agarda de ATSX na que ata o 15 de xullo só hai unha persoa dispoñible para facer as contratacións. Mentres non se modifique o sistema de listas de agarda que expoñerá máis adiante, tratarase de arranxar este inconveniente o mellor posible.

José Manuel García Eirín quere deixar constancia de que é inconcibible que se estean a facer procesos selectivos e se esgoten tan rápido as listas de agarda.

A xerenta continúa explicando que hai que convocar concurso de méritos interno naquelas escalas e subescalas que teñen postos diferenciados. Por exemplo, Análise Instrumental e Seguridade Alimentaria nivel 25 e en Microscopía tamén nivel 25. Hai que sacalo para que o persoal fixo poida optar a eses postos. Débese celebrar ese concurso de méritos antes de ofertar os destinos ás persoas que superen os procesos selectivos.

Marisa Magaz Ledo apunta que tamén debería saír a concurso a xefatura do parque móbil.

José Manuel García Eirín lembra que xa co anterior órgano de representación se chegara un acordo de adiar o proceso selectivo para non rematar este proceso antes de que se resolva o anterior.

A xerenta responde que efectivamente se acordou adiar o proceso selectivo ata a sentenza definitiva do TSXG, sempre que non vaia máis alá do ano 2025 xa que hai un tempo para executar as convocatorias. Se ao longo do ano 2025 non hai sentenza, débese seguir co proceso senón caduca.

## 3. Convocatoria para a execución das OEP 2023 e 2024.

A xerenta di que non se recibiron alegacións aos temarios. En relación á valoración dos servizos prestados noutras administracións, tanto o Servizo de PAS como a Asesoría Xurídica

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



recomendan que para ser máis garantista, se valoren cunha ponderación inferior nun 25%. Polo tanto, para evitar impugnar da convocatoria, os servizos prestados noutras administracións como persoal funcionario ou contrato laboral a razón de 0,12 por mes de traballo.

O presidente da Xunta PTXAS pide un receso para poder trasladar unha proposta de temarios, ante o aluvión das propostas e queixas recibidas do persoal.

A xerenta responde que a proposta de temarios deber respectar todo o contido. Quere deixar claro que se está nunha oferta de emprego ordinaria onde se queren buscar perfís ordinarios e equivalentes con outras administracións públicas. Pide que lle envíen as propostas.

O presidente da Xunta PTXAS pide que se lle envíen os datos de absentismo laboral, prazas vacantes que están sen cubrir, comisións de servizo, horas extras que se realizan e que se están a pagar, prazas e contratos por riba da RPT, xubilacións producidas cada 6 meses e xubilacións previstas.

María José Ríos Santomé que sendo Xunta PAS recibían do Servizo PAS tanto as comisións de servizo como a relación de novos contratos e das prórrogas, e dende marzo esa información non está chegando cando, por lei, a Xunta PTXAS ten que ter esta información.

A xerenta responde que non ten inconveniente en enviar a información que se solicita. Indagarase por que non se están a remitir estes datos dende o servizo, aínda que xa se lle lembrou.

Juan Ignacio Nogueira, ao manifestarse dificultade na elaboración da información solicitada, suxire que a Unidade de Análise e Programas (UAP) podería axudar na elaboración dos listados igual que o fai no caso de peticións externas como o SIIU.

A xerenta responde que non corresponde á UAP elaborar esa información, senón aos servizos, competentes por razón da materia.

A xerenta informa que se está indo polos Campus de Ourense, Pontevedra e os ámbitos do Campus de Vigo valorando as cargas de traballo e peculiaridades e circunstancias dos postos. En Ourense, logo da implantación do Campus da Auga a evolución da investigación, levou a un notable aumento da carga de traballo sobre todo da área económica polo que é preciso crear unha Xefatura de Negociado por fóra da RPT para logo incluíla na RPT definitiva. Por outra banda, o Grao de Relacións Internacionais xa é unha titulación completa, polo que se fai necesario crear unha Secretaría de RRII á que se lle vai esixir nivel B2 de inglés.

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



José Manuel García Eirín di que coñeceu destes cambios polos traballadores, e non lle parece que sexa o medio axeitado de enterarse dos cambios que se van producir no Campus. Engade que a ningunha xefatura de negociado de Asuntos Xerais se lle esixe Nivel B2 de inglés, e de esixirse debería o posto debería ter nivel de complemento de destino superior.

María José Ríos Santomé destaca que para un nivel 20, de xefatura de negociado, se lle está a esixir o mesmo nivel de inglés que a unha xefatura de área.

A xerenta explica que non todos os postos de igual nivel teñen porque ter os mesmos requisitos e competencias en inglés. Depende das necesidades do posto de traballo e esta praza en concreto require un nivel alto de inglés. De momento non está plantexado crear unha ORI por fóra de RPT en Ourense. Falado coa Decana, acordouse que dende a secretaría se atenda as necesidades do alumnado estranxeiro. Nun futuro, se a carga de traballo así o demanda, estudarase a necesidade de crear unha ORI en Ourense.

José Manuel García Eirín parécelle mal precedente que un posto que ten características moi distintas se valore igual ca outros.

A xerenta resposta que os postos se crean para a cobertura de necesidades e a súa homoxeneización só ten lugar en circunstancias de demanda exactamente iguais. Engade que se aplicará un programa temporal cuxa avaliación terá que tela en un ou dous anos e cuxa consolidación se debaterá na RPT. Pero agora hai que darlle unha solución.

#### 4. Modificación puntual da RPT. Resposta as alegacións.

A xerenta di que non se recibiron alegacións á proposta presentada na anterior reunión.

O presidente da Xunta PTXAS di que aínda que non tiveron tempo a tratala ata o día de hoxe non están de acordo coa proposta presentada. Non entenden a modificación da RPT con cargo a unha xubilación e a un criterio. Consideran que unha modificación da RPT debe responder a unha necesidade e neste caso descoñecen a necesidade polo que necesitan que ter máis datos xa que non a consideran suficientemente motivada.

A xerenta explica que esta é unha modificación puntual. Detectada unha praza que non ten contido, xa explicado na reunión anterior e expostos os datos que motivan a decisión da súa amortización, créase un posto onde hai servizo recorrente para o que non hai suficientes postos de traballo do nivel de competencia que se require. Nese centro hai un posto de traballo que non é necesario e si se necesita noutro servizo dese mesmo centro, polo que o crédito que queda inaplicable, por non haber demanda de prestación de servizos se destina a reforzar o que

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



se necesita noutro servizo. Para modificar puntualmente o posto de traballo ten que xustificarse ante a Xunta de Galicia de onde se vai sacar o crédito, e a proposta do CACTI serve para arranxar unha situación de forma allea á reivindicación nos tribunais e que non consta na memoria da funcionarización.

Berta Covelo di que o CACTI conta un regulamento polo que quen ten que tomar a decisión do que se fai con esa praza é a Comisión do CACTI e a proposta de como se vai reestruturar o servizo debe ser consensuado coa Comisión e finalmente pasar pola Comisión de Investigación.

A xerenta responde que en ningún momento vai renunciar nin ceder a competencia de negociación sobre a RPT que ten a Xunta de PTXAS xunto coa Xerencia.

Berta Covelo destaca que no Servizo de Microscopía hai moito traballo polo que se necesitaría un posto A2/C1 e hai un posto vacante. Ademais diso hai dúas persoas contratadas fóra de RPT polo convenio Xunta que levan máis de 10 anos contratados. Por iso se debería facer un estudo consensuado dos postos de traballo.

A xerenta responde que o que lle transmiten é que se necesita un posto A1 e non un C1. Insiste en que non se pode esperar á negociación da RPT para aprobar esta modificación puntual.

José Manuel Sónora pregunta pola razón que xustifica a urxencia e a necesidade desta modificación.

A xerenta responde que urxente é a praza de microscopía porque é onde se require un posto máis de A1 ademais de arranxar a situación da veterinaria. Para non perder o parte do crédito, por iso se modifican as outras prazas.

Federico Fernández di que na proposta só se fai referencia do traballo do servizo de teledetección pero non se fai referencia do que supón a amortización dunhas prazas e a creación doutras novas. Deberían de poder contar con datos máis concretos. Engade que non se aprecia a urxencia e que falta a valoración económica desta modificación puntual da RPT. Finalmente di que en breve haberá outra xubilación da única praza considerada "a extinguir" que será preciso valorar a súa cobertura para o inicio de curso.

A xerenta responde que non ten problema en traer as contas.

A xerenta fai un resumo da proposta de modificación de determinados artigos do Acordo de 2009 sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo presentada na Comisión de Seguimento e

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



urxe á necesidade de chegar a un acordo. Como non estaba na orde do día non se pasa a debater neste intre. Pídese que se analice a proposta e quédase á espera de aceptación ou contraproposta.

José Manuel García Eirín di que achegarán unha contraproposta.

## 5. Rolda de intervención

O presidente da Xunta PTXAS solicita que, de ser posible, se lles envíen as sentenzas de Comunicación Audiovisual así como a sentenza da Técnica de Innovación Educativa.

A xerenta di que non ten inconveniente e se enviarán o antes posible, aínda que a sentenza da Técnica de Innovación Educativa dálle certo pudor achegala pola dureza da mesma.

José Manuel Sónora pregunta se, dado que a persoa xa non pode tomar posesión, se o vai facer a seguinte da lista.

A xerenta responde que mentres a sentenza non sexa firme, non se vai tomar ningunha decisión.

Juan Ignacio Nogueira chámalle a atención que 195.000€ para formación só se executaran 54.000. Por outra banda, teñen constancia dun curso de formación fóra do horario laboral.

A xerenta responde que a formación en Outlook é unha ferramenta básica de traballo, polo que todo o tempo que se asista a esa formación fóra do horario de traballo, é dicir, os 30 mn. por riba do horario de verán, será compensada con descanso e así se informou aos xefes de servizo. Pero neste momento a dispoñibilidade de formadores é a que é e non a pode cambiar. Destaca a importancia de reunir á Comisión de Formación e presentar un plan de formación para o ano que vén.

José Manuel Sónora insiste en que a acción formativa debe ser no horario de traballo e estáselles obrigando a facela fóra dese horario.

A xerenta informa de que se ofreceron alternativas. Aclara que a persoa que non a poida facer agora que envíe un correo e tratará de recolocárselle máis adiante, pero a dispoñibilidade dos formadores neste momento é a que é,

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 14:25h.

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente da Xunta de PTXAS

Carlos Mollinedo Lois

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios

